



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 EMCR	Documento 1081AI02XG	
Código de verificación  382F 0J3Z 2X0P 3S1Y 0594	Expediente 108/2021/2219	
	Data 18-03-2026	

ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, DE 3 PRAZAS DE TÉCNICO/A DE APOIO SOCIAL (SUBGRUPO A2) DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

1. Resolución das alegacións ao primeiro exercicio.

Examinadas as alegacións presentadas por varios aspirantes á plantilla provisional de respostas correctas do primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo, cuestionario tipo test, o Tribunal acordou por unanimidade o seguinte:

Na táboa de respostas correctas ao cuestionario de preguntas do primeiro exercicio:

- Anúlase a pregunta 68, que se substitúe pola pregunta de reserva número 1
- Anúlase a pregunta 79, que se substitúe pola pregunta de reserva número 2
- Anúlase a pregunta 92, que se substitúe pola pregunta de reserva número 3
- Desestímanse as demais alegacións, en base ao seguinte:

ALEGACIÓN Á PREGUNTA NÚM.72:

72. Que vixencia ten o III Plan de Igualdade do persoal do Concello da Coruña?:

A Catro anos a partir da súa publicación. En todo caso manterá a súa vixencia ata que se elabore un novo plan de igualdade

B Dous anos a partir da súa aprobación. En todo caso manterá a súa vixencia ata que se elabore un novo plan de igualdade

C Dez anos a partir da súa aprobación. En todo caso manterá a súa vixencia ata que se elabore un novo plan de igualdade

D Seis anos desde a súa publicación. En todo caso manterá a súa vixencia ata que se elabore un novo plan de igualdade

Unha aspirante alega que se da por correcta a resposta B pero o dito Plan non está publicado nin accesible en repositorios oficiais, web municipal nin boletíns oficiais.

Fronte a esta alegación, hai que ter en conta a base específica 5 das que rexen o proceso selectivo, que dispón que calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación destas bases no Boletín oficial da provincia.



Concello da Coruña

Tendo en conta que as bases específicas do proceso selectivo publicáronse no BOP núm. 249, do 31 de decembro de 2021, o Plan de Igualdade ao que se refire o tema 26 da parte específica do temario debe entenderse referido ao plan vixente nese momento, que foi o III Plan de Igualdade, que estivo vixente ata a aprobación do seguinte. O IV Plan de Igualdade foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o 10.05.2023 (BOP 24.05.2023).

Se ben agora mesmo o III Plan de Igualdade non está publicado na páxina web municipal porque está en vigor e publicado o IV Plan de Igualdade, en todo caso, calquera persoa interesada, aspirante a participar no proceso selectivo, puido solicitar por rexistro este documento ao servizo correspondente para a confección do temario do proceso selectivo, dada a vixencia do mesmo no momento de publicación das bases.

En consecuencia, polo exposto, desestímase esta alegación.

ALEGACIÓN RELATIVA Á RESPONSTA DAS PREGUNTAS DE RESERVA

Unha aspirante solicita ao tribunal o seguinte:

“se solicita al tribunal que tenga en cuenta que las preguntas numeradas del 101 al 110 de mi plantilla de respuestas corresponden a las preguntas de reserva (1 a 10), habiendo sido consignadas en dicho apartado siguiendo la numeración indicada en el cuadernillo de examen.

Por este motivo, solicito expresamente que dichas respuestas sean corregidas como preguntas de reserva, al corresponderse inequívocamente con las mismas.

En concreto, las respuestas consignadas son las siguientes:

– Pregunta 101, correspondiente a la Reserva 1: opción B.

– Pregunta 104, correspondiente a la Reserva 4: opción C.

– Pregunta 109, correspondiente a la Reserva 9: opción D.

Se solicita, por tanto, que se proceda a su corrección conforme a su condición de preguntas de reserva, a fin de que sean valoradas correctamente dentro del proceso de calificación”

Fronte ao exposto pola aspirante, hai que ter en conta que consonte as bases específicas do proceso selectivo publicadas no BOP núm. 249, do 31 de decembro de 2021, en concreto consonte Base 5.1 relativa á fase de oposición, recolle expresamente que o primeiro exercicio consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva. Por isto, no cuestionario tipo test obxecto de exame figuran de forma diferenciada as preguntas de reserva, que están numeradas da 1 á 10, e para a resposta a este cuestionario, na folia oficial de exame a cubrir por cada aspirante tamén hai un espazo diferenciado, especificamente destinado a cubrir as respostas ás preguntas de reserva, numeradas do 1 ao 10.

O material facilitado aos aspirantes para a realización deste primeiro exame diferencia claramente a parte destinada ás preguntas de reserva e súa respostas.

En consecuencia, polo exposto, desestímase esta alegación.

2. De conformidade coa base específica 5.1 do proceso selectivo (BOP núm. 249, 31/12/2021), o primeiro exercicio será cualificado de 0 a 30 puntos, sendo necesario



Concello da Coruña

acadar un mínimo de 19,5 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminadas.

As persoas aspirantes que superaron este primeiro exercicio son as seguintes:

NOME ASPIRANTE	DNI	PUNTUACIÓN
LEMA PORTEIRO, TERESA	79316582 R	21,60
RUIBAL CARNEIRO, RAQUEL	46902792 L	21,40
SUAREZ LLANO, MARIA DEL CARMEN	32640241 K	20,50
CHOUSA PENA, REBECA	48113305 L	20,30

3. Convocar ás persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio á realización do segundo exercicio o luns 13.04.2026 ás 17:00 horas na AULA 1 do Centro Municipal de Emprego (Estrada Os Fortes, 16 A Coruña).

As persoas aspirantes deberán acudir provistas do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

A Coruña na data da sinatura electrónica deste documento.

A secretaria do tribunal,
Elena M^a Ciudad Rojo